

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A SOLUCIÓN DE PROBLEMAS RELACIONADOS COS SERVIZOS BÁSICOS NA ZONA DO PIEIRO**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a solución de problemas relacionados cos servizos básicos na zona do Pieiro.

### **Exposición de motivos**

O municipio de Ferrol conta con unha ampla zona rural que comprende case o 80% do seu territorio, onde vive un de cada dez veciñas ou veciños do noso concello. É ben coñecida por todos e todas a situación de discriminación que sofre a zona rural con respecto aos servizos públicos que a converten nunha zona “de segunda” en comparación coa zona urbana.

A esta falla de servizos coma o tan demandado saneamento ou a escaseza dos mesmos, coma o transporte público, a falla de alumeado público en moitos puntos ou as beirrarúas en moitos tramos do rural, súmanse outros suministros de carácter básico coma son o abastecemento de auga, o suministro de luz ou

a canle de internet, que en moitas zonas do rural é insuficiente, deficitario ou da lugar a numerosas avarías que causan un gran malestar entre a veciñanza coma esta a suceder dende fai anos no Pieiro.

Froito dunha xuntanza deste grupo municipal coa veciñanza do Pieiro, podemos concretar tres problemas que están a afectar de xeito acuciante a esta zona:

Por un lado, están a sufrir dende fai tempo cortes no suministro da luz que conlevan numerosos inconvintes para os veciños e veciñas que viven nesta zona e ven coma esta falla de electricidade de xeito continuada e sen previo aviso estalles a causar grandes molestias no seu día a día.

Doutra banda, acarrean numerosos trastornos co abastecemento da auga, pois están a sufrir cambios na presión da mesma, ocasionando problemas nas tuberías. Ademais de verse privados do servizo en calquera momento sen o oportuno aviso de corte da auga.

Por último, atopándonos en pleno século XXI, co auxe da tecnoloxía, dos trámites telemáticos e do recente impulso do teletraballo, non é de lóxica que unha zona coma O Pieiro que se encontra a tan só 13km da zona centro de Ferrol non dispoña dunha liña de internet decente coa que poder realizar as xestións necesarias que calquera veciño ou veciña pode precisar.

Con estas carencias amósase a falta de atención que sofre o rural mentres a súa veciñanza ve reducida a súa calidade de vida por non ter uns servizos básicos en igualdade de condicións, sentíndose cidadáns de segunda.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes acordos:

1. Compromiso por parte do goberno local a intermediar entre a empresa suministradora do servizo de electricidade e a veciñanza coa fin de mellorar dito servizos e realizar as actuacións que sexan precisas para evitar futuros cortes de luz na zona do Pieiro.
2. Compromiso por parte do goberno local poñer solución aos problemas co abastecemento da auga no Pieiro.
3. Compromiso por parte do goberno local a intermediar coas empresas suministradoras da red de internet e a veciñanza do Pieiro para impulsar a chegada da rede á zona.

Ferrol, 22 de febreiro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común